



## Concello de Monterroso

---

### BASES PARA PARTICIPAR NO I MERCADO DE NADAL

16 E 17 DE DECEMBRO

#### I. ORGANIZACIÓN, DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN

1. O Mercado de Nadal está organizado polo Concello de Monterroso.
2. Terá lugar os días 16 e 17 de decembro de 2023 no Auditorio Municipal A Cúpula.
3. O día de montaxe será o 16 de decembro. Dende as 09:00 horas ás 12:00 horas dese día deberán estar todos os postos abertos e preparados.
4. O horario será o seguinte: Dende as 12:00 horas ata as 21:00 horas.
5. Sectores: artesanía, alimentación, roupa, xoguetes, 2ª man....

#### II. INSCRICIÓN

1. Poderán participar na presente convocatoria comerciantes, empresarios, artesáns e asociacións locais. Estará aberto a artesáns e produtos de interese non locais que teñan tarxeta ambulante. E será gratuíta para todos os interesados.
6. A adxudicación dos postos farase previa presentación de solicitudes polos interesados antes do 13 de decembro no correo [espazo.lorenzo.varela@gmail.com](mailto:espazo.lorenzo.varela@gmail.com)
7. A medida estándar da parada será de 3x3 m, composta por dúas mesas. Neste espazo poderán utilizar o mobiliario do Concello ou o seu propio, se exceder o espazo asignado.
8. Para participar será necesario incluír no correo os seguintes datos:
  - No caso de comerciantes, empresarios, artesáns e asociacións locais:

- Razón Social

---

**Concello de Monterroso**

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617



## Concello de Monterroso

---

- Teléfono
  - No caso de artesáns e produtos de interese non locais:
    - Razón Social
    - Teléfono
    - Breve descrición (con dúas fotos) dos produtos que se queren poñer á venda
    - Copia da tarxeta de venda ambulante
- 9. Cada adxudicatario será o encargado de montar e desmontar o seu propio posto e decoralo con motivos de Nadal. O Concello proporcionará un almacén común na noite do 16 ao 17 para que se poidan gardar os produtos.
- 10. Cada adxudicatario responsabilizarase dos produtos que expón e vende, non podendo reclamar ao Concello de Monterroso, en ningún caso, por rotura, perda ou roubo dalgún dos produtos.

### III. MONTAXE E HORARIOS

1. O día de montaxe será o 16 de decembro dende ás 09:00 h. debendo estar todo montado e preparado ás 12:00 h.
2. Os expositores comprométense a cumprir rigorosamente os horarios de apertura do Mercado establecidos pola Organización do seguinte xeito: venres día 23 de 12:00 a 21:00 h. e sábado día 24 de 10:00 a 14:00 h.
3. Non se permitirá o paso de ningún vehículo durante os horarios de apertura ao público do recinto

### IV. EXPOSITORES E VENDA

1. A asignación de espazos e emprazamento de cada expositor levarase a cabo pola organización, en función das necesidades e intereses do conxunto; esta asignación será inalterable e irrevogable.

---

## Concello de Monterroso



## **Concello de Monterroso**

---

2. A Organización resérvase o dereito a dar por finalizada a actividade de calquera parada que non se adapte aos requisitos establecidos na presente convocatoria.

### **V. ACEPTACIÓN DAS BASES**

1. A participación na edición 2023 do MERCADO DE NADAL supón a aceptación INCONDICIONAL destas bases.